



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Comisión Europea (CE)** está traballando nas convocatorias do programa Horizonte2020 (H2020) para o periodo 2016-2017. Neste contexto, a Comisión vén de publicar os **borradores dos programas de traballo** co obxectivo de que os potenciais participantes poidan consultar xa as liñas principais das futuras convocatorias. Malia non ter sido aínda aprobados definitivamente pola Comisión, agárdase que non sufran variacións notables respecto dos textos actualmente dispoñibles no seguinte **enlace**.

Estes programas de traballo foron elaborados pola Comisión Europea e sometidos a comités temáticos, formados por representantes dos Estados membro e, no caso de España, tamén das comunidades autónomas. A data previsible de publicación dos programas definitivos, unha vez aprobados pola Comisión Europea, é mediados de outubro.

H2020 é o programa que financia proxectos de investigación e innovación de diversas áreas temáticas no ámbito europeo e que conta cunha dotación orzamentaria de preto de 80.000M€ para o periodo 2014-2020. Tanto investigadores como empresas, centros tecnolóxicos e entidades públicas teñen cabida neste programa. Podes obter máis información sobre como participar na **web española do programa**.

Pola súa banda, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) conta cunha serie de servizos de apoio á presentación de proxectos a estas convocatorias, en concreto 24 actuacións, recollidos nun **plan**

de dinamización da participación galega no programa **Horizon 2020** e que inclúe accións como asesoramento, formación, apoio á preparación de propostas, busca de financiamento complementario, etc. , co obxectivo de captar 120 millóns de euros para Galicia procedentes do Horizonte 2020.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.